
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 31 DE MARZO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Proxecto de Lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello do Rosal.
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello do Rosal.
- Decreto polo que se modifica o Decreto 332/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación Universitaria e o Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011.

CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se regula o Comité Científico Galego de Pesca.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o Plan de acreditación dixital do empregado público da Administración xeral da Xunta de Galicia (Proxecto Kronos).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas coa Deputación Provincial de Ourense, para a construción dunha edificación auxiliar destinada á xestión de medios para recoller os residuos urbanos na comarca de Santa Águeda no concello da Peroxa, por importe de douscentos dez mil douscentos trinta e catro euros con corenta e un céntimos (210.234,41 euros).
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas coa Deputación Provincial de Ourense para a construción dunha edificación auxiliar destinada á xestión de medios para recoller os residuos urbanos na comarca de Navea-Bibeí no concello da Pobra de Trives, por importe de cento sesenta e cinco mil novecentos cincuenta e oito euros con corenta e nove céntimos (165.958,49 euros).
- Acordo polo que se aproba o encargo á Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos para a execución da obra de condución de auga para uso doméstico na parroquia de Piñeiro. Concello de Silleda (Pontevedra), CLAVE OH.236.952, por importe de douscentos nove mil novecentos oitenta e tres euros con corenta e cinco céntimos (209.983,45 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e as empresas Gas Galicia SDG, S,A e Gas Directo S,A, para o desenvolvemento do Plan de gasificación de Galicia 2011-2013, por importe de cinco millóns catrocentos catro mil douscentos tres euros con trinta céntimos (5.404.203,30 euros).

-
- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual derivado da convocatoria para o exercicio 2011 das axudas do Igape para a contratación de xestores de internacionalización, por importe dun millón seiscentos mil euros (1.600.000 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a emisión da tarxeta sanitaria dobre A específica para pacientes diagnosticados de espectro autista e trastornos asociados.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á licitación para a contratación da prestación dun servizo público de teleasistencia e sistema de xeolocalización, mediante concerto, e polo procedemento aberto e tramitación urxente (PA 5/2011).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do acondicionamento da estrada PO-221, treito Caldas de Reis-Moraña, sobre a do monte veciñal en man común Santo André pertencente á comunidade de montes veciñais en man común de Santo André de Cesar, no concello de Caldas de Reis, (Pontevedra), promovido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, cunha superficie de afección de 24.467 m².

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores de Miño, para a execución do proxecto de seguimento e mellora das condicións para a cría de moluscos nos bancos marisqueiros (2º trimestre de 2011) por importe total de noventa e oito mil setecentos trece euros con catorce céntimos (98.713,14 euros).
- Acordo polo que se autoriza a addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e as confrarías de pescadores de Barallobre e Ferrol para a realización do proxecto de recuperación dos bancos intermareais (marisqueo a pé), 2º trimestre 2011, por importe total de cento setenta e tres mil cento sesenta e dous euros con sesenta e catro céntimos (173.162,64 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Consello Asesor de Pacientes.

A XUNTA LIMITARÁ O GASTO AUTONÓMICO CANDO A ECONOMÍA CREZA A PARTIR DO 2,5%

- *Cando o PIB real sexa igual ou superior ao 2,5% o gasto non financeiro evolucionará como máximo ao mesmo ritmo do PIB nominal*
- *Os recursos restantes terán que destinarse a reducir débeda*
- *De terse aplicado esta regra fiscal na anterior lexislatura Galicia tería case 2.000 millóns de euros menos de débeda e sería a cuarta comunidade menos endebedada*
- *Galicia será pioneira ao implantar por lei que o Parlamento autonómico fixe o teito de gasto non financeiro para o ano seguinte*
- *A Comunidade galega está comprometida coa estabilidade orzamentaria e foi unha das dúas únicas autonomías que a cumpriu en 2009 e 2010*

A Xunta de Galicia limitará o gasto da Administración autonómica cando a economía creza a partir do 2,5%. Neste caso, o incremento do gasto non financeiro non poderá superar o PIB nominal, é dicir, o real máis a inflación prevista.

Así se recolle no anteproxecto de Lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, elaborado pola Consellería de Facenda e aprobado hoxe polo Consello da Xunta. Esta norma establece que os recursos restantes tras esta limitación terán que destinarse a reducir débeda, ben evitando novas emisións ou amortizando.

O obxectivo desta lei é disciplinar o gasto en épocas de bonanza e blindar a solvencia da Facenda autonómica para evitar incrementar estruturas administrativas cando a economía creza a bo ritmo e haxa ingresos extraordinarios, que logo supoñen un lastre para o futuro.

De terse aplicada esta regra fiscal durante a anterior lexislatura, na cal se produciron incrementos de gasto non financeiro moi por riba do PIB nominal, na actualidade Galicia tería case 2.000 millóns de euros menos de débeda e sería a cuarta comunidade con menor endebedamento.

Galicia, pioneira

Con esta norma Galicia será unha comunidade pioneira en implantar por lei que o Parlamento autonómico fixe o teito de gasto non financeiro para o exercicio orzamentario seguinte. A intención é orientar a evolución das finanzas públicas autonómicas en función dunha planificación que respecte o crecemento tendencial a longo prazo, facendo posible garantir o funcionamento dos servizos públicos básicos sen renunciar a políticas fiscais expansivas que estimulen a demanda en anos de recesión.

O ámbito de aplicación desta norma é o sector público autonómico, integrado pola Administración Xeral, os seus organismos autonómicos, axencias públicas autonómicas, entidades públicas empresariais; así como os órganos con dotación diferenciada nos orzamentos autonómicos e as universidades públicas e axentes vinculados ou dependentes delas.

Estabilidade, transparencia e eficiencia

A norma establece cinco principios. O de estabilidade busca garantir o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria; para iso, o Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de facenda, adoptará as medidas de axuste precisas no caso de que a evolución dos ingresos ou gasto difira da prevista.

O de plurianualidade prevé que os axentes incluídos no ámbito desta lei elaboren os seus orzamentos nun escenario plurianual compatible co principio de anualidade polo que se rexe a aprobación da execución orzamentaria.

Pola súa banda, o de transparencia inclúe que a elaboración, execución e liquidación dos orzamentos reflectirán información completa e detallada das súas operacións, de tal forma que permitan unha valoración fidedigna da súa situación financeira e, en particular, do cumprimento do obxectivo de estabilidade.

O de eficiencia formula a necesidade de que as políticas de gasto público se planifiquen, se programen e se orcen atendendo á situación económica e ao cumprimento do principio de sustentabilidade financeira. Ademais, o de responsabilidade implica a implantación de criterios de responsabilidade na xestión do gasto que permitan promover unha Administración máis eficaz e eficiente.

Con anterioridade ao 1 de decembro de cada ano, o departamento competente en materia de facenda elevará ao Consello da Xunta un informe sobre o grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria do exercicio anterior, ademais de informar o Parlamento autonómico. Galicia é un exemplo de rigor orzamentario e de control do gasto, e é unha das dúas únicas autonomías que cumpriu o obxectivo de estabilidade en 2009 e en 2010.

Con estes preceptos prevense aumentar as exixencias ás entidades do sector público cuxo endebedamento consolida como déficit público e limitar a débeda en ciclos económicos á alza para evitar recortes sociais en épocas de crise.

A débeda pública autónoma manterá un nivel prudente e unha evolución estable ao longo do ciclo, que se axustará ás normas de estabilidade orzamentaria, ás previsións do dereito comunitario e aos compromisos do Pacto de estabilidade e crecemento no eido da Unión Europea. Ademais, a senda plurianual de gastos correntes de cada un

dos axentes implicados neste lei non poderá ser superior á de ingresos correntes que os financian.

O Goberno galego aposta pola responsabilidade e o rigor para garantir tamén a sustentabilidade das administracións públicas ao longo do ciclo económico, xa que a experiencia acumulada nos dous últimos anos demostra que a estratexia fiscal nos anos de bonanza e unha tardanza excesiva en adoptar unha estratexia de saída e de consolidación orzamentaria constitúen na actualidade un risco para a estabilidade financeira das administracións públicas españolas.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A BANDEIRA E O ESCUDO DO CONCELLO DO ROSAL

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polo que se establecen as conformacións oficiais da bandeira e do escudo do concello do Rosal.

O escudo do Rosal queda en campo de sinople unha ponte de prata, mazonada de sable, de tres arcos, sobre ondas de prata e azur, sumada dun cruceiro diminuído de prata surmontado dun acio de ouro flanqueado por dúas follas de vide deste; bordura de prata cargada de catro rosas ao natural. Ao timbre, coroa real pechada.

A ponte e o cruceiro representan a ponte sobre o río Tamuxe na súa desembocadura ao Miño; a cor sinople simboliza o ambiente, os recursos agrícolas, gandeiros e forestais; o acio e as follas aluden á riqueza vitivinícola do municipio; e as rosas fan referencia á simboloxía popular do propio nome do Rosal e, polo seu número, ás catro parroquias que conforman o termo municipal.

Por outra banda, a bandeira é un pano dividido por tres franxas verticais de verde, branco e azul; a de branco cunha rosa heráldica ao natural. A cor verde simboliza o ambiente, os recursos agrícolas, gandeiros e forestais; as cores branca e azul representan o río Tamuxe e a súa desembocadura ao Miño; e a rosa fai referencia á simboloxía popular do propio nome do Rosal.

A día de hoxe a Xunta ten aprobado por decreto 132 escudos e 84 bandeiras.

A XUNTA MODIFICA A ESTRUTURA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E DE EDUCACIÓN PARA MELLORAR A EFICIENCIA NA XESTIÓN DA INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA

- ***O Consello da Xunta aproba o decreto que permite transferir as competencias que en materia de investigación universitaria ten a actual Dirección Xeral de I+D+i á Secretaría Xeral de Universidades, mantendo a Consellería de Economía e Industria as competencias de investigación relacionadas co ámbito empresarial e os centros tecnolóxicos***
- ***O novo Plan de investigación, innovación e crecemento establece entre os seus eixes estratéxicos a xestión do talento, ademais doutras medidas que priorizan o posicionamento competitivo dos recursos humanos do Sistema Galego de I+D+I***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o proxecto de decreto que modifica a estrutura das Consellerías de Economía e Industria e de Educación e Ordenación Universitaria co obxectivo de mellorar a eficiencia na xestión da investigación universitaria.

Esta medida ten como finalidade transferir as competencias que en materia de investigación universitaria ten a actual Dirección Xeral de I+D+i á Secretaría Xeral de Universidades, mantendo a Consellería de Economía e Industria as competencias de investigación relacionadas co ámbito empresarial e os centros tecnolóxicos. Esta transferencia de competencias, que non supón ningún incremento de gasto, prevé un traspaso de crédito e de sete postos de traballo, segundo recolle o proxecto de decreto.

A medida responde á vontade de optimizar a xestión dos recursos coordinando de maneira máis eficiente as políticas dos departamentos da Xunta implicados nesta materia, pero en ningún caso supón o desligamento da Consellería de Economía e Industria do soporte ao fortalecemento do Sistema Galego de I+D+I en materia de recursos humanos.

De feito, o Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (I2C) promovido por este departamento establece como primeiro eixe estratéxico a xestión do talento, entendendo que a excelencia e a competitividade do Sistema dependen directamente das persoas, polo que é fundamental unha xestión óptima das políticas de recursos humanos. Esta liña de actuación viña sendo xa unha prioridade antes da entrada en vigor do novo plan, xa que en 2010 a Xunta investiu 28 millóns de euros en darlles soporte aos contratos de 834 investigadores e tecnólogos, moi maioritariamente empregados nas tres universidades galegas.

Mobilidade e equilibrio

As medidas recollidas no I2C en relación coa xestión do talento buscan, en primeiro lugar, incrementar a mobilidade tanto dentro do Sistema Galego (principalmente entre centros de investigación e empresas) coma no ámbito doutros sistemas de I+D+I (especialmente para incrementar a presenza galega no Espazo Europeo de Investigación e para atraer talento de referencia internacional).

Por outra parte, estase a traballar xa, no marco do plan que estará en vigor ata 2015, en fomentar o reequilibrio na distribución do persoal investigador, que na actualidade en Galicia se concentra nun 71% no sector público nun 29% no sector privado, mentres que a Unión Europea rexistra un 50% en cada ámbito. Isto fai necesario, polo tanto, incentivar a incorporación de persoal investigador á empresa e impulsar o espírito emprendedor na comunidade científica.

Ademais, recóllense tamén no I2C outros eixes estratéxicos que apostan decididamente pola investigación científica e que redundan de xeito directo na valorización dos profesionais ligados a ela. É o caso do conxunto de liñas de actuación que lle dan soporte á consolidación de grupos de referencia competitiva e precompetitiva, así como as medidas de apoio aos servizos de transferencia de resultados de investigación e o establecemento de contratos-programa con base na excelencia que configuran o eixe denominado Sistema Integral de Apoio á Investigación.

Ademais, mediante o eixe de valorización do coñecemento búscase tamén aumentar as habilidades da comunidade científica para reforzar o seu posicionamento con base nunha nova e necesaria concepción da excelencia investigadora, na cal se introduce como elemento fundamental a capacidade para promover a transferencia dos seus resultados e, polo tanto, a capacidade para orientalos ao mercado.

A XUNTA SACA A OPOSICIÓN 250 PRAZAS DE EMPREGO PÚBLICO NA OEP DE 2011

- *Un total de 154 prazas están destinadas para funcionarios de novo ingreso e 96 son de promoción interna*
- *Función Pública concentra esta oferta nos sectores, funcións e categorías profesionais prioritarias ou que afectan os servizos públicos esenciais*
- *As prazas que se ofertan son, na maior parte, pertencentes á Administración Especial e Escalas co fin de acadar unha maior profesionalización*
- *Todas están ocupadas de maneira provisional por interinos ou persoal laboral, polo que non supoñen un maior custo para a Administración autonómica e achegan estabilidade*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a oferta de emprego público (OEP) para o ano 2011, pola que a Administración autonómica saca a oposición 250 prazas no ámbito de función pública, tendo en conta as destinadas a persoal funcionario de novo ingreso e as de promoción interna.

Do total das prazas da oferta de emprego público presentada 154 son de novo ingreso, 49 pertencentes á Administración xeral e 105 á Administración especial; e 96 prazas están destinadas á promoción interna para o persoal funcionario dos distintos corpos A1 e C2 da Administración xeral da Xunta de Galicia.

A OEP 2011 cumpre así a taxa de reposición de efectivos do 10% establecida pola Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia e concéntrase nos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan o funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Esta oferta está concibida coma un instrumento de programación das necesidades de persoal e de racionalización do emprego público e dos procesos de selección do persoal ao servizo da Administración pública, nos cales deben primar os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

Prazas xa orzadas que reducen a temporalidade do emprego público

Todas as prazas ofertadas están ocupadas provisionalmente por persoal interino ou por persoal laboral indefinido adscrito a unha praza de funcionario, e dotadas orzamentariamente, incluídas nas relacións de postos de traballo vixentes, polo que non suporía un maior custo para a Administración autonómica, ademais de chegar estabilidade no emprego e reducir a temporalidade.

Os criterios de asignación das prazas da OEP 2011 aos corpos e escalas que se inclúen atópanse condicionados, con carácter xeral, polos ámbitos ou sectores que se consideran preferentes de acordo coa estratexia de austeridade e de contención de gasto levada a cabo polo Executivo galego.

Maior profesionalización da Administración

No ámbito das prazas de novo ingreso que se ofertan son, na maior parte, pertencentes á Administración especial e escalas, co fin de acadar unha maior profesionalización. Estas prazas son demandadas por unidades cunha importante especialización.

Deste xeito, a oferta para 2011 inclúe prazas de persoal especializado en distintos ámbitos da Administración autonómica. Entre estas, están as relativas ás unidades de informática, pola incorporación e o afianzamento das novas tecnoloxías da información; as relativas á escala superior e técnica de finanzas, necesarias para a posta en marcha da Axencia Tributaria; escala de estatísticos, co fin de potenciar o Instituto Galego de Estatística; escala de letrados, polo incremento dos litixios nas administracións públicas; escala de inspección urbanística para o afianzamento da Axencia de Legalidade Urbanística; así como prazas de arquitectos e enxeñeiros das distintas especialidades pola alta demanda que se require de persoal técnico cualificado. Tamén se incorporan as prazas derivadas da Administración especial relativas a bibliotecas e arquivos para a posta en marcha da Cidade da Cultura.

O actual Goberno galego está levando a cabo unha política racional de recursos humanos. Hai que lembrar que a oferta de emprego público en 2009 xa foi moi restritiva e que se limitou a 167 novas prazas, e que non a houbo o ano pasado, mentres que para este exercicio a OEP está centrada en prazas especializadas co obxectivo de contar con persoal que mellore o servizo público ao cidadán.

ANEXO OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2011

ACCESO LIBRE

1. ADMINISTRACIÓN XERAL

a) Corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (subgrupo A1)

-Escala de letrados/as.....	6
-Escala de sistemas e tecnoloxía da información.....	15
-Escala superior de finanzas.....	8
-Escala superior de estatísticos.....	4

b) Corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia (subgrupo A2)

- Escala técnica de finanzas.....8
- Escala de xestión de sistemas de informática.....8

2. ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

a) Corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (subgrupo A1)

- Escala de inspección urbanística.....7
- Escala de enxeñeiros/as de minas.....9
- Escala de enxeñeiros/as industriais.....11
- Escala de arquitectos/as.....6
- Escala facultativa de arquivos, bibliotecas e museos
 - Especialidade bibliotecas.....7
 - Especialidade de arquivos.....3
- Escala de enxeñeiros de telecomunicacións.....2
- Escala de biólogos.....8
- Escala de arqueólogos.....1
- Escala de mestres numerarios de institutos politécnicos marítimo –
pesqueiros:
 - Especialidade de máquinas e instalacións mariñas.....6
 - Especialidade de lexislación marítima.....1
 - Especialidade de navegación marítima.....1
 - Especialidade de pesca marítima.....1
 - Especialidade de procesos de cultivo acuícola.....5
 - Especialidade de inglés marítimo.....1
 - Intervención subacuática e hiperbárica.....1
 - Medicina subacuática e hiperbárica.....1

b) Corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (subgrupo A2)

- Escala de enxeñeiros/as técnico de minas.....8
- Escala enxeñeiros/as técnicos industriais.....5
- Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos:
 - Especialidade de bibliotecas.....7
 - Especialidade de arquivos.....9
- Escala de topógrafos/as.....1

c) Corpo de axudantes facultativos da Xunta de Galicia (subgrupo C1)

- Escala de delineantes.....4

TOTAL: 154

PROMOCIÓN INTERNA

- a) Corpo superior de administración da Xunta de Galicia (subgrupo A1)...15
- b) Corpo auxiliar da Xunta de Galicia (subgrupo C2).....81

TOTAL: 96

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN CONVOCA 268 PRAZAS DE CORPOS DE MESTRES E DE PROFESORADO DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

- ***A convocatoria axústase ao máximo do 30% de taxa de reposición marcado polo Goberno central***

A Consellería de Educación convocará un total de 268 prazas para corpos docentes de mestres e de profesorado de artes plásticas e deseño, conforme o aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión semanal.

Con esta convocatoria de 250 prazas para mestres de educación infantil e primaria e 18 para os profesores das ditas especialidades, a Consellería de Educación dá resposta ás necesidades do sistema educativo galego desde o punto de vista do número de xubilacións e da taxa de interinidade, apostando así pola calidade do ensino público.

Cómpre lembrar que o número de prazas da oferta pública de emprego se axusta ao máximo do 30% da taxa de reposición marcada polo Goberno central.

A CONSELLERÍA DO MAR MODIFICA A COMPOSICIÓN DO COMITÉ CIENTÍFICO GALEGO DE PESCA PARA DOTALO DUNHA MAIOR OPERATIVIDADE

- *O Consello da Xunta deu luz verde ao proxecto de decreto que regula o seu funcionamento e a súa composición, coa ampliación do número de vogais para garantir a representación de todos os sectores vinculados á pesca*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto que regula o Comité Científico Galego de Pesca elaborado pola Consellería do Mar, que recolle as súas funcións, regula a súa composición e determina o réxime de nomeamento dos vogais e as normas xerais de funcionamento. O departamento que dirixe Rosa Quintana consideraba necesario esta modificación para dar un impulso a este organismo e promover a súa participación real e efectiva na xestión dos recursos mariños, acadando así unha maior operatividade, dada a escasa actividade que tivo ata o de agora.

O Comité Científico Galego de Pesca (CCGP) é o órgano especializado de consulta e asesoramento de carácter científico e técnico. Tal e como recolle o texto, ten como funcións asesorar científica e tecnicamente a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia naqueles asuntos relacionados coa xestión dos recursos naturais vivos das augas de competencia da nosa comunidade, así como coa súa transformación e comercialización.

O vogais serán designados a partir dunha lista de candidatos aptos seleccionados mediante convocatoria pública, a través dun baremo de méritos (ata o de agora era o propio conselleiro, por proposta da dirección xeral, quen os nomeaba directamente). A Consellería do Mar incrementou o número de vogais na nova composición, de xeito que agora son 12, coa finalidade de garantir a representación de todos os sectores vinculados á pesca (socioeconomía da pesca, pesquerías internacionais, pesca de baixura, marisqueo, acuicultura, comercialización e transformación).

Ademais, co obxecto de garantir o cumprimento das funcións do comité, introdúcese a posibilidade de que a Consellería do Mar poida establecer un prazo para a emisión dos ditames.

A XUNTA PON EN MARCHA UN PROXECTO DE ACREDITACIÓN DIXITAL DO EMPREGADO PÚBLICO QUE POSIBILITARÁ A FLEXIBILIDADE HORARIA E O TELETRABALLO NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- *A Administración autonómica é unha das pioneiras en ofrecer esta posibilidade aos seus traballadores para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar*
- *O proxecto Kronos permitirá que os empregados públicos poidan asinar dixitalmente os documentos permitindo o avance da Administración electrónica*
- *Ademais, esta iniciativa levará asociado un novo sistema de control horario que permitirá a fichaxe de entradas e saídas desde o posto de traballo*
- *Entregaráselles aos profesionais unha tarxeta intelixente que permitirá xestionar as tres funcionalidades*
- *O alcance de Kronos estenderase a preto de 20.000 traballadores da Administración xeral da Xunta e da Administración de xustiza en Galicia*
- *O proceso de implantación completárase no último trimestre de 2012*

Co obxectivo de mellorar a conciliación da vida familiar e laboral, a Xunta de Galicia inicia o proceso que lles permitirá aos empregados públicos acollerse as vantaxes da flexibilidade laboral e do teletraballo. Este é un dos obxectivos do proxectos Kronos, aprobado hoxe no Consello da Xunta, e que servirá para acreditar dixitalmente os empregados públicos. Ademais, esta iniciativa levará asociada outra funcionalidade xa que permitirá implantar un sistema de control horario universal e homoxéneo.

O alcance de Kronos estenderase a preto de 20.000 profesionais do persoal da Administración xeral da Xunta e da Administración de xustiza. O proxecto, no cal interveñen as consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e Facenda, xunto coa Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, arrinca en abril e prevese que estea completado no terceiro trimestre de 2012.

Identidade dixital

Un dos requisitos para acadar a verdadeira Administración electrónica é dotar os empregados públicos das ferramentas adecuadas para asegurar o desenvolvemento adecuado da súa actividade no novo escenario tecnolóxico. Por iso, a Xunta inicia o proceso para dotar de acreditación dixital os traballadores da Administración autonómica. Esta acreditación identifica de maneira conxunta o titular do posto de traballo ou cargo e a Administración ou órgano en que presta servizo. O certificado prevé o empregado público de sinatura electrónica recoñecida co mesmo valor que a sinatura manuscrita, fundamental para poder realizar trámites telemáticos e garantir aos cidadáns o seu dereito de acceder de forma electrónica aos servizos da Administración.

Estes certificados dixitais, que serán expedidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT) coa cal a Xunta asinou un contrato, permiten ás entidades públicas asinar os documentos que se xestionan telematicamente e identificarse ante os cidadáns nas relacións que se establezan de xeito electrónico.

O soporte físico da identidade dixital do empregado público será unha tarxeta intelixente con tres dispositivos distintos: un chip criptográfico que albergará varios certificados dixitais, entre eles o de persoal ao servizo das administracións públicas; unha banda magnética cos datos do profesional para o seu emprego en sistemas de información que así o requiran; e identificación por radiofrecuencia para o control de acceso a lugares de paso restrinxido.

Para a expedición destas tarxetas habilitaranse puntos de acreditación dixital (PAD), o lugar onde se emitirán os certificados de emprego público e se xestionará tanto a distribución da tarxeta identificativa como todo o relacionado co ciclo de vida dos certificados.

Poranse en marcha un total de 15 PAD, un en San Caetano, que actuará de coordinador, outro no edificio administrativo de San Lázaro, outros nas delegacións da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Ferrol e un punto no edificio dos xulgados de cada unha das 7 grandes cidades de Galicia. Ademais, está prevista a creación de puntos de acreditación móbil para o persoal que non dispoña nas proximidades do seu centro de traballo dun PAD.

Flexibilidade horaria e Teletraballo

O proxecto Kronos facilitará tamén a xestión da flexibilidade horaria dos empregados públicos. Unha iniciativa que será regulada por un decreto no cal están a traballar as direccións xerais de Avaliación e Reforma Administrativa e Función Pública e que se publicará no terceiro trimestre de 2012.

Con carácter xeral, o horario flexible consistirá nunha parte fixa, de presenza obrigada, e unha parte variable na cal se compensará o tempo da xornada non cumprida no horario fixo ata completar a xornada laboral legalmente establecida. O decreto establecerá o procedemento de solicitude que deberán seguir os profesionais para acollerse á flexibilidade horaria, que en calquera caso estará supeditada ás necesidades do servizo.

Ademais, habilitaranse os mecanismos para que os empregados públicos poidan acceder ao teletraballo, a prestación dun servizo público non presencial baseado no uso das novas tecnoloxías. Esta opción, que xa está a desenvolver un bo número de estados membros da Unión Europea, contribúe a unha mellor organización do traballo,

mellorando a calidade do servizo e facilitando a conciliación da vida persoal, familiar e laboral do persoal.

Control horario

O novo sistema de control horario asociado a Kronos estará dispoñible desde calquera ordenador da rede corporativa da Xunta a través da intranet da Xunta. Para o acceso ao sistema, o usuario introducirá a tarxeta corporativa no lector de dispositivos criptográficos do seu PC e, unha vez identificado a través dun código pin, poderá realizar a fichaxe de entrada e saída desde o seu posto de traballo.

A implantación do sistema de control horario de proxecto Kronos permitirá superar a falta de homoxeneidade que existe actualmente na Administración autonómica nesta área. Hoxe en día non todos os organismos teñen un sistema de control horario mecanizado, algúns empregan aínda a sinatura manuscrita do persoal en papel e noutras entidades contan con sistemas propios.

Kronos posibilitará un control horario común cun custo reducido e uns requisitos mínimos de infraestrutura aproveitando a implantación dunha tecnoloxía que é necesaria para avanzar cara a Administración electrónica. Así, aproveitando sinerxías, intégrase esta funcionalidade nun novo sistema que se tiña que implantar para poder acreditar dixitalmente os funcionarios, permitir o acceso seguro a determinadas aplicacións informáticas e proporcionar o acceso seguro a lugares de acceso restrinxido.

Ademais, o novo sistema facilitará a obtención de información para a súa análise e toma de decisión por parte dos departamentos de persoal correspondentes.

Plan de implantación

Os fitos do plan son, de xeito máis inmediato, a creación do punto de acreditación en San Caetano para emitir os certificados dixitais. Ao longo deste ano comezase a acreditar dixitalmente e porase en marcha unha fase piloto de control horario e flexibilidade en sete departamentos seleccionados. A finais de 2011, e tras a validación das unidades piloto seleccionadas, iniciárase a implantación progresiva do sistema.

No último trimestre de 2012 os 19.000 empregados públicos previstos deberán estar en posesión da nova tarxeta. Nesas datas publicarase o Decreto de xornada, control horario, flexibilidade e teletraballo que permitirá a implantación xeralizada do sistema de fichaxe no posto de empregado.

A POBRA DE TRIVES E A PEROXA CONTARÁN CON INFRAESTRUTURAS DE APOIO PARA A CORRECTA XESTIÓN DOS RESIDUOS URBANOS DESTES CONCELLOS

- *Estas dúas actuacións enmárcanse nun convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Ourense*
- *Grazas a estas edificacións dótanse os concellos de lugares correctamente acondicionados como almacén de materiais (contedores, rodas, tapas...) e como cocheira para todo o parque móbil de maquinaria empregado*
- *Este proxecto beneficiará os preto de 5.000 habitantes que residen nestes municipios ourensáns*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou o proxecto de acordo polo que se autoriza a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Deputación Provincial de Ourense para executar unhas edificacións auxiliares para a xestión de residuos nos concellos da Peroxa e A Pobra de Trives. A Xunta asumirá o financiamento do 100 por cento das obras, polo que investirá preto de 400.000 euros na construción destes dous edificios.

Grazas a estas dotacións os concellos contarán cunha infraestrutura de apoio ao servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e tamén se lles facilita un lugar correctamente acondicionado como almacén de materiais (contedores, rodas, tapas...) e como cocheira para todo o parque móbil de maquinaria empregado no servizo de recollida de residuos sólidos urbanos. Entre os instrumentos de que dispón este servizo destacan os camións recolectores de carga traseira (para fraccións de envases lixeiros e a fracción resto), camións recolectores mediante guindastre (para a recollida do vidro e do papel cartón, camións portacontadores para levar a loxística do punto limpo e camións lavacontedores).

Para a definición desta instalación de xestión de residuos será necesario realizar movementos de terras, traballos de cimentación e estruturas, de saneamento, así como a instalación de fontanaría, eléctrica e iluminación, carpintaría e acondicionamento exterior.

A Peroxa

No caso do concello da Peroxa, a instalación construírse no parque empresarial deste municipio. Deste xeito, recollerá os residuos de Amoeiro, Coles, Vilamarín e A Peroxa, e contará con distintas naves, sinalización e urbanización, entre outros elementos, á vez que complementa o traballo de xestión de residuos que se fai a través do punto limpo que está operativo desde xullo de 2009. O importe desta actuación elévase a máis de 210.000 euros

A Pobra de Trives

Por outra banda, no concello da Pobra de Trives as obras de construción da edificacións auxiliar realizarase nos lugares dos Chaos e da Cal, a unha distancia aproximada de 1,5 quilómetros do núcleo urbano da Pobra pola estrada que conduce a San Xoán de Barrio. Estas instalacións beneficiarán os veciños e o tecido empresarial da mancomunidade de Navea-Bibei e o seu importe de execución é de 166.000 euros. Cómpre destacar que esta edificación completará a actividade do punto limpo xa operativo desde o ano 2003, polo que se cubrirán todas as necesidades relativas á recollida de residuos sólidos urbanos.

Requisitos dos concellos

A través desta colaboración, tanto o Concello da Pobra como o da Peroxa asumen o compromiso de poñer á disposición, libres de cargas e gravames, todos os terreos necesarios para a normal execución das actuacións, así como dos correspondentes permisos e autorizacións necesarios para levalas a cabo.

Outras das súas responsabilidades é asumir, unha vez recibidas as obras e logo de comunicación da consellería, a súa explotación, mantemento e conservación.

Galicia á vangarda

Cómpre sinalar que estas novas actuacións permiten á Comunidade galega manter a súa posición de vangarda en materia de tratamento de residuos, ao dispoñer dunha sistemática xestión integral, consolidada e sustentable. Coas infraestruturas activas nestes momentos, garántese o peche do ciclo iniciado coa recollida fraccionada en orixe.

A progresiva implantación da valorización de residuos na Comunidade fixo necesaria a creación de infraestruturas para o depósito daqueles materiais que polas súas características non se poden depositar nos colectores da rúa, como pilas, fluorescentes, baterías, colchóns, ou electrodomésticos. Ao mesmo tempo, coa instalación deste tipo de infraestruturas evitase que estes residuos aparezan depositados en leiras e montes, xerando a aparición de vertedoiros incontrolados.

MEDIO AMBIENTE COMPLETARÁ O SISTEMA DE CONDUCCIÓN DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO EN PIÑEIRO, NO CONCELLO DE SILLEDA, MEDIANTE A ACHEGA DE PRETO DE 210.000 EUROS

- *A primeira fase estableceu a instalación de captacións, un depósito regulador e unha canalización principal ata San Xiao*
- *A segunda fase continúa a rede de distribución desde San Xiao ata núcleos como Portapiñeiro, O Coto, Ximonde, O Campo ou Cuíña*
- *Instalarase unha rede de distribución repartida en 37 treitos así como arquetas, chaves de paso e válvulas redutoras*
- *Estas obras de mellora garanten a subministración de auga en calidade e cantidade á poboación, optimizan a calidade da auga e fomentan o seu consumo responsable e o aforro*
- *O prazo de execución establecido para estas obras é de tres meses*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o encargo á Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH) para a execución da conducción de auga para uso doméstico na parroquia de Piñeiro, en Silleda.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través de Augas de Galicia, realiza un investimento económico de preto de 210.000 euros para a posta en marcha desta conducción hidráulica. O prazo de execución establecido para estes traballos é de tres meses.

Esta actuación corresponde a unha segunda fase dun proxecto máis amplo do que xa están executadas as captacións, o depósito regulador e a canalización principal ata a zona de San Xiao. Nesta segunda fase, desenvolverase a rede de distribución desde San Xiao ata os núcleos do Monte, Portapiñeiro, O Coto, Castro Castriño, O Castro, Cuíña, O Campo, Santifoga, Castromonde, A Revolta, Ximonde, Carricova, Romanín e Besteiros.

O proxecto inclúe a continuación da conducción principal existente. Tamén se colocará unha rede de distribución repartida en 37 treitos, así como a instalación de arquetas, chaves de paso e válvulas redutoras.

Estas obras de mellora garanten a subministración de auga en calidade e cantidade á poboación, optimizan a calidade da auga e fomentan o seu consumo responsable e aforro.

O departamento que dirixe Agustín Hernández colabora de xeito técnico e financeiro neste tipo de obras co fin de resolver carencias en infraestruturas dos concellos

galegos. Neste caso, proporciónaselles un sistema de saneamento e abastecemento óptimo aos habitantes da parroquia de Piñeiro que ata o momento carecían destes servizos. As novas infraestruturas abastecerán un total de 200 habitantes.

ECONOMÍA E INDUSTRIA MOBILIZARÁ MÁIS DE 18 MILLÓNS DE EUROS PARA GASIFICAR 10 CONCELLOS DE GALICIA E BENEFICIAR A CASE 100.000 GALEGOS

- *O Consello da Xunta autorizou a subscrición dun convenio entre a Consellería de Economía e Industria e as empresas Gas Galicia e Gas Directo que duplica en investimento ao asinado en 2008*
- *A Xunta de Galicia ten como obxectivo estratéxico, dentro do marco de planificación enerxética, a creación dunha infraestrutura de transporte e distribución de gas que actúe como factor de competitividade para o seu tecido empresarial e de calidade de vida para a súa cidadanía*
- *Co convenio autorizado hoxe serán xa máis de 2 millóns de galegos os que terán acceso ao gas natural*
- *A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, cofinanciará o desenvolvemento de 6 novos ramais de gas natural, que permitirán a conexión con gasoductos de Carral, Ares e Mugardos, na Coruña, e Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas e Ponteareas en Pontevedra, así como de oito redes de distribución en Salceda de Caselas, Ponteareas, Ares, Mugardos, Viveiro e A Pobra do Caramiñal, e a ampliación das redes no concello da Laracha*
- *Este acordo permitirá a subministración ao importante polígono industrial da Plisan, no concello de Salvaterra de Miño*

O Consello da Xunta autorizou a subscrición dun convenio entre a Consellería de Economía e Industria e as empresas Gas Galicia e Gas Directo que mobilizará un global superior aos 18 millóns de euros, que duplica ao asinado en 2008, para achegar o gas natural a 10 concellos galegos e beneficiar así unha poboación próxima aos 100.000 habitantes.

A Xunta de Galicia ten como obxectivo estratéxico, dentro do marco de planificación enerxética, a creación dunha infraestrutura de transporte e distribución de gas que actúe como factor de competitividade para o seu tecido empresarial e de calidade de vida para a súa cidadanía. Para conseguir este obxectivo, cómpre garantir a subministración de gas natural ao maior número posible de núcleos de poboación da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que resulta necesario potenciar a extensión das infraestruturas de distribución de gas canalizado a todos aqueles núcleos de poboación onde as empresas gasistas non acudirían sen o apoio da Administración, contribuíndo desta forma ao desenvolvemento económico destas zonas, así como á integración e equilibrio territorial.

Co convenio autorizado hoxe, terán acceso ao gas natural case 100.000 galegos máis, veciños dos concellos coruñeses de Carral, Ares, Mugardos, A Pobra do

Caramiñal, e A Laracha; os pontevedreses de Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas e Pontearreas; e o lugués de Viveiro. Deste xeito, e grazas á posta en marcha das infraestruturas previstas no acordo, serán xa máis de 2 millóns os galegos que poderán acceder ao gas natural, o que permite avanzar de xeito decidido a cumprir o obxectivo de que no ano 2015 sexa o 75% da poboación galega a que teña acceso a esta fonte de enerxía.

Ademais de mellorar a calidade de vida dos veciños, a aposta pola gasificación emprendida pola Xunta de Galicia e plasmada nun incremento dos orzamentos neste eido de case o 70% contribúe ao desenvolvemento empresarial destas zonas, e cabe destacar que froito deste acordo se permitirá a subministración ao polígono industrial da Plisan, no concello pontevedrés de Salvaterra de Miño.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, cofinanciará o desenvolvemento de 6 novos ramais de gas natural, que permitirán a conexión con gasodutos de Carral, Ares e Mugaros, na Coruña, e Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas e Pontearreas en Pontevedra, así como de oito redes de distribución en Salceda de Caselas, Pontearreas, Ares, Mugaros, Viveiro e A Pobra do Caramiñal, e a ampliación das redes no concello da Laracha.

Estas infraestruturas serán desenvolvidas polas empresas de distribución de gas natural que operan en Galicia e que dispoñen da correspondente autorización administrativa para a distribución de gas natural nestes núcleos de poboación, que son Gas Galicia SDG, S.A. e Gas Directo, S.A, e o desenvolvemento destas infraestruturas gasistas realizarase no período comprendido entre 2011 e 2013 e suporá un investimento global de máis de 18 millóns de euros, do que a achega da Xunta de Galicia suporá unha porcentaxe do 30%.

ECONOMÍA E INDUSTRIA IMPULSA A PROXECCIÓN EXTERIOR DAS EMPRESAS APOIANDO A CONTRATACIÓN DE XESTORES DE INTERNACIONALIZACIÓN

- *O Igape destina 1,6 millóns de euros a apoiar a contratación de especialistas en internacionalización polas empresas que apostan pola conquista de mercados exteriores*
- *Os apoios facilitan a contratación de 80 xestores de internacionalización por empresas e organismos intermedios galegos*
- *Co programa de apoios á contratación de xestores de internacionalización, o Instituto quere dar un paso adiante para complementar o seu programa de bolsas de promoción exterior facilitando a inserción laboral dos especialistas formados e doutros titulados con formación neste eido*

A Consellería de Economía e Facenda destinará 1,6 millóns de euros a apoiar en 2011 a contratación de xestores de internacionalización polas empresas galegas que apostan pola conquista de mercados exteriores; os apoios facilitarán a contratación de 80 xestores de internacionalización por empresas e organismos intermedios galegos. Estas bases teñen como obxectivo final facilitar ás empresas galegas a prospección e o acceso a novos mercados poñendo ao seu alcance axudas para a contratación de profesionais en internacionalización empresarial, conseguindo, ao mesmo tempo, a formación de especialistas en comercio exterior e a súa incorporación ao mercado laboral.

Segundo a convocatoria que autorizou o Consello da Xunta, a liña de axudas do Igape regula a concesión de axudas directas destinadas á contratación de xestores de internacionalización polas propias empresas ou por consorcios con personalidade xurídica propia, asociacións empresariais, consellos reguladores ou clústers de carácter empresarial que estean asentados en Galicia e que representen colectivos de empresas galegas.

Estas axudas teñen como obxectivo fundamental o de impulsar as exportacións e a internacionalización das empresas galegas facilitando, ao mesmo tempo, a colocación de especialistas en comercio exterior. As empresas ou organismos intermedios solicitantes deben presentar, xunto coas solicitudes, un proxecto de internacionalización para o que se require contratar un especialista en comercio exterior. A contía da axuda achegada polo Igape cubrirá o 75% do salario bruto anual correspondente ao primeiro ano de contratación, con límites máximos de 15.000 euros en Galicia e de 25.000 euros para o estranxeiro, sempre en contratos dun ano a tempo completo.

No caso de solicitudes de organismos intermedios, a contía da axuda será do 80% nos primeiros 12 meses de contratación, 70% nos seguintes 12 meses de contratación e 60% nos últimos 12 meses de contratación subvencionable. E os límites máximos de axuda –para cada período subvencionable de 12 meses-, no caso destes tipos de solicitantes é de 25.000 euros se o centro de traballo de destino do xestor está en Galicia; e de 30.000 euros se o centro de traballo se atopa no estranxeiro.

Co programa de apoios á contratación de xestores de exportación, o Instituto dependente da Consellería de Economía e Industria quere dar un paso adiante para complementar o seu programa de bolsas de promoción exterior facilitando a inserción laboral dos especialistas formados e doutros titulados con formación neste eido e que cumpran os requisitos previstos nas bases.

Desde o comezo da actual lexislatura, o actual Goberno da Xunta vén impulsando un programa integral de apoio ás estratexias de internacionalización das empresas galegas, o que supuxo, ata 2010, un incremento do 160% dos investimentos neste capítulo, con respecto ao bienio anterior. Cos case 20 millóns orzados para 2011, son xa 48,5 millóns os que puxo o actual Goberno á disposición das empresas galegas que decidan asumir o reto da internacionalización.

En 2010 aprobáronse 1.043 solicitudes de apoio a iniciativas e proxectos neste ámbito, un 209% máis ca no ano anterior. O Igape aprobou o ano pasado 50 solicitudes para a contratación de xestores de internacionalización.

SANIDADE CREA UNHA TARXETA SANITARIA ESPECIAL PARA OS NENOS GALEGOS CON AUTISMO

- ***Esta iniciativa permitirá adecuar as citas aos requerimentos condutuais e facilita a accesibilidade ás persoas con espectro autista, que terán prioridade horaria e poderán ir acompañados por un familiar***
- ***Responde a unha antiga solicitude das asociacións de pacientes e familiares con síndrome de espectro autista e trastornos asociados***

O Consello da Xunta de hoxe aprobou a elaboración dunha tarxeta sanitaria especial para os menores galegos con espectro autista. Está previsto que a partir do 15 de abril, os familiares de pacientes afectados pola síndrome poidan realizar a solicitude de cambio de tarxeta.

O proxecto, que responde a unha vella demanda das asociacións de enfermos e familiares, consiste en incluír na parte superior das tarxetas sanitarias destes enfermos as letras "AA" (dobre A), que significan "atención e acompañamento". É dicir, que no transcurso da atención sanitaria os menores portadores desta tarxeta terán dereito a permanecer acompañados durante todo o proceso de atención, e tamén a que se minimicen os tempos de espera en zonas de espera colectivas, probas e urxencias, segundo o seu nivel de urxencia. É dicir, facilita a accesibilidade destas persoas e mellora a calidade na súa asistencia sanitaria.

O obxectivo do dobre AA na tarxeta sanitaria das persoas con espectro autista é facilitar a accesibilidade e mellorar a calidade na asistencia sanitaria, minimizando o impacto ou solventando as limitacións comunicativas que poden ocasionar para estes enfermos determinadas situacións, como acudir a centros sanitarios con moitas persoas e que exige o contacto persoal de comunicacións cos santiarios.

O autismo é un trastorno do desenvolvemento infantil que se caracteriza por unha alteración ou ausencia do desenvolvemento de competencias sociais e comunicativas, así como un patrón de condutas peculiares. A prevalencia de trastornos asociados a espectro autista é de 6 por cada 1000 cidadáns.

Este programa non require investimento adicional, xa que sobre a tarxeta orixinal se grava o dobre A. Soamente hai que ter en conta o custo de emisión por correo postal de aproximadamente 500 tarxetas modificadas.

Sanidade tamén traballa con outras asociacións de enfermidades con características similares e que se poidan beneficiar da inclusión da tarxeta sanitaria do dobre A.

Durante todo este mes de marzo, a Escola Galega de Saúde para cidadáns está desenvolvendo un total de 14 sesións clínicas en todos os hospitais da rede do Servizo Galego de Saúde. Nestes encontros, enmarcados no programa *Diálogos cos Pacientes*, preto de 600 profesionais de medicina e enfermaría debateron xunto coas asociacións de autismo de Galicia sobre as recomendacións para unha comunicación efectiva e próxima.

Ademais, a Escola Galega de Saúde para Cidadáns organiza para o vindeiro 1 de abril, Día Mundial do Autismo, unha sesión do foro *O experto responde*, en que especialistas médicos contestarán en liña e de forma inmediata ás preguntas que lles envíen desde calquera lugar. Para participar neste foro só é preciso acceder o día sinalado á páxina web da Escola, <http://www.sergas.es/EscolaSaude/>.

O NOVO SERVIZO DE TELEASISTENCIA INCORPORARÁ TAMÉN SISTEMAS DE XEOLOCALIZACIÓN E CHEGARÁ A PRETO DE 5.000 BENEFICIARIOS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación para a contratación, mediante concerto, do servizo de teleasistencia e xeolocalización, en que o Goberno galego investirá máis de 2,5 millóns de euros ata 2013*
- *A incorporación da coñecida como teleasistencia de “segunda xeración”, a través da telefonía móbil, responde á necesidade de dar cobertura fóra do fogar e posibilitar a localización inmediata de persoas de especial vulnerabilidade*
- *Actualmente, hai 4.500 usuarios do servizo de teleasistencia domiciliaria, aos cales se sumarán 300 máis este ano e outros 200 a través dos xeolocalizadores*

O novo servizo de teleasistencia que se porá en marcha este ano incorporará, ademais do recurso xa existente de atención domiciliaria, sistemas de xeolocalización que permitirán dar cobertura fóra do fogar, a través da telefonía móbil, a persoas con especial vulnerabilidade. En total, os beneficiarios deste servizo –tanto domiciliaria coma de xeolocalización- ascenderá a 5.000 persoas.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación para a contratación da prestación deste servizo, mediante concerto. Para poñer en marcha estes recursos, a Consellería de Traballo e Benestar investirá máis de 2,5 millóns de euros ata 2013, xa que a duración do contrato será de 2 anos.

Actualmente, o servizo de teleasistencia presta atención domiciliaria a preto de 4.500 usuarios. Con este novo concerto ampliarase a atención a 300 persoas máis, e a esta suma engadiranse tamén os 200 beneficiarios da coñecida como “teleasistencia de segunda xeración” a través dos xeolocalizadores. Deste xeito, os 4.500 usuarios actuais pasarán a ser 5.000 ao longo do ano.

A incorporación do sistema de xeolocalizadores responde á necesidade de dar cobertura fóra do fogar a persoas de especial vulnerabilidade, que vén motivada principalmente por déficits cognitivos. Este recurso vai destinado especialmente a aquelas persoas para as cales estea aconsellado un control permanente, ou que teñan un risco de sufrir episodios de desorientación temporal ou espacial; permite a localización inmediata e permanente destas persoas.

Deste xeito, facilita que os usuarios poidan permanecer no seu medio habitual de vida con seguridade e, deste xeito, increméntanse tanto a mobilidade e seguridade dos beneficiarios como a tranquilidade das súas familias e/ou dos seus cuidadores.

Os 4.500 usuarios galegos que xa están atendidos mediante a teleasistencia reciben atención os 365 días do ano, as 24 horas do día. Cabe lembrar que desde 2008 o número de usuarios se incrementou en 1.500 persoas.

De feito, a teleasistencia constitúe un bo servizo, que favorece a permanencia do fogar dos usuarios, ao tempo que resolve moitas situacións de inseguridade, soidade e desprotección.

En concreto, o servizo teleasistencia domiciliaria consiste nun terminal fixo a través do cal o usuario se pode poñer en contacto co centro de atención unicamente pulsando un botón. A persoa dispón tamén dun dispositivo móbil, que funciona do mesmo xeito, e que frecuentemente se leva colgado.

Os servizos coordinaranse desde un centro de atención, con persoal cualificado, que estará tamén dispoñible os 365 días do ano, durante as 24 horas do día. Os traballadores ocuparanse de dar unha resposta directa á demanda ou ben de mobilizar, segundo as circunstancias, os recursos necesarios: sexan propios –como familiares-, ou sexan os servizos comunitarios dispoñibles (bombeiros, policía...).

Con todo, non se trata dun servizo unidireccional, senón que é bidireccional. Os traballadores encargaranse de facer chamadas periódicas aos usuarios e mesmo de facerlles recordatorios, como a data dunha cita médica ou a hora para tomar determinada medicación.

A través deste concerto dáse cumprimento a unha das actuacións recollidas nos plans de acción integral para persoas con discapacidade e no de atención a persoas maiores maiores 2010-2013, nos cales se establecía a necesidade de ampliar o servizo de teleasistencia para chegar a un número maior de persoas usuarias.

A XUNTA APROBA O ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA PO-221, NO TREITO CALDAS DE REIS-MORAÑA, SOBRE O MONTE VECIÑAL EN MAN COMÚN SANTO ANDRÉ

- ***A Consellería do Medio Rural resolveu favorablemente a prevalencia da utilidade pública desta estrada sobre a do monte veciñal en man común pertencente á comunidade de Santo André de Cesar, no concello de Caldas de Reis***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do acondicionamento da estrada PO-221, ao seu paso por Caldas de Reis e Moraña, sobre a do Monte Veciñal en Man Común (MVMC) Santo André.

O dito proxecto, tramitado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e aprobado por Decreto do Consello da Xunta, vén motivado pola posta en servizo da nova variante de Caldas de Reis, o que determinou un incremento de tráfico na estrada PO-221 cando esta non é adecuada para soportar a actual densidade de tráfico e a previsible a curto prazo.

Ante isto, a Consellería do Medio Rural resolveu favorablemente a prevalencia da utilidade pública desta estrada sobre a do monte veciñal en man común pertencente á comunidade de Santo André de Cesar, no concello de Caldas de Reis (Pontevedra).

O expediente de prevalencia promovido pola Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas tivo entrada no departamento que dirixe Samuel Juárez en xuño do ano 2010 para o seu estudo. Posteriormente, o Servizo de Montes de Pontevedra comunicou o expediente á comunidade de Santo André de Cesar, a cal non formulou ningunha alegación.

MAR DESTINA MÁIS DE 270.000 EUROS Á RECUPERACIÓN DOS BANCOS MARISQUEIROS DE FERROL, BARALLOBRE E MIÑO

- ***O Consello da Xunta autorizou a prórroga de dous convenios coas tres confrarías para continuar traballando polo incremento da produtividade destas zonas***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a prórroga de dous convenios, o primeiro para recuperación dos bancos intermareais das confrarías de Ferrol e Barallobre e o segundo para a recuperación dos bancos da confraría de Miño. A Xunta pretende así impulsar a rexeneración dos bancos marisqueiros ao tempo que vela polo mantemento da actividade. O importe total dos dous convenios é de 271.875,78 euros e será cofinanciado polo Fondo Europeo da Pesca. A súa vixencia estenderase ata o 30 de xuño de 2011.

O primeiro dos acordos, por valor de 173.162,64 euros, é unha addenda para a execución do proxecto de recuperación dos bancos intermareais situados nas praias de Maniños, Barallobre, San Valentín, O Puntal e Lombos de Neda, nos cales faenan as confrarías de Ferrol e Barallobre. As actividades que se van desenvolver durante o segundo trimestre de 2011 consistirán na limpeza e retirada de algas, acondicionamento do substrato e o traslado de moluscos bivalvos desde as zonas de fixación cunha cota demasiado elevada cara aos bancos con maior taxa de crecemento. O obxectivo é mellorar as súas condicións de cara a aumentar a produtividade. Tamén inclúe tarefas de vixilancia e control dos bancos marisqueiros por parte dos mariscadores co obxecto de reducir a acción dos furtivos na zona rexenerada.

O segundo é outra addenda encamiñada á recuperación e mellora produtiva das áreas de extracción da confraría de Miño, situadas na enseada de Bañobre, na parte media do esteiro do río Mandeo e na parte interna do esteiro do río Mandeo. A consellería outorgará axudas por valor total de 98.713,14 euros. O departamento que dirixe Rosa Quintana persegue con esta addenda mellorar a calidade dos bancos marisqueiros e dos seus produtos desta zona e incrementar a súa superficie produtiva. Ao igual que o anterior, este acordo inclúe accións de rexeneración e acondicionamento dos bancos marisqueiros, o traslado de moluscos bivalvos a bancos con maior taxa de crecemento e labores de vixilancia.

SANIDADE CREA O CONSELLO ASESOR DE PACIENTES PARA FOMENTAR A PARTICIPACIÓN E A TOMA DE DECISIÓNS DA CIDADANÍA NA SAÚDE

- ***É un órgano consultivo e permanente da Escola Galega de Saúde para Cidadáns e estará presidido pola Xerencia do Sergas***
- ***Servirá de canle para escoitar e mellorar a calidade da atención dos pacientes, así como para facerlles chegar a información necesaria do seu interese***

A Consellería de Sanidade, a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, crea o Consello Asesor de Pacientes, Familiares e Coidadores. Trátase dun órgano consultivo e unha estrutura permanente da Escola que sirva como canle para escoitar a súa voz, para mellorar a calidade e seguridade dos pacientes, incrementar os seus niveis de participación e achegarlles a información sanitaria necesaria para a toma de decisións, así como outras informacións do seu interese.

Entre os seus obxectivos está incrementar a participación e mellorar a atención centrada no paciente, aproveitando as súas experiencias e achegas para mellorar a súa calidade de vida, a asistencia que se lles presta e a súa seguridade.

Tamén traballar, xunto con profesionais da saúde, para afrontar aqueles problemas que son máis fáciles de detectar desde a óptica do usuario do sistema sanitario e axudarnos a mellorar de forma continua o noso sistema.

O Consello Asesor permitirá entrar en contacto con profesionais e pacientes con situacións similares para compartir ideas e aconsellarse respectivamente, así como identificar os aspectos máis importantes para os enfermos e as familias, e darlles resposta desde os programas de formación e información da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, e dos proxectos que se desenvolven.